



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sintaxe da lingua galega I

Materia	Sintaxe da lingua galega I			
Código	V01G400V01903			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web	http://https://uvigo.academia.edu/Xos%C3%A9AntonioFern%C3%A1ndezSalgado			
Descrición xeral	Esta materia de "Sintaxe da lingua galega I" céntrase no estudo específico das unidades sintácticas que coñecemos como "frase" e "cláusula". Afóndase na análise sintáctica, partindo do verbo como núcleo predicativo da cláusula e as relacións que establece cos outros constituíntes funcionais e mais as implicacións semánticas e pragmáticas que diso derivan. Estúdase tamén a estrutura interna dos constituíntes frásticos. Préstase especial atención á descrición de aspectos sintácticos diferenciais do galego con respecto ás linguas veciñas.			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Saber describir un feito lingüístico en termos sintácticos, ben oralmente ou por escrito, recoñecendo as relacións que se establecen entre as unidades sintácticas.	A1	B1 B7	C1 C2 C5 C8	D1 D10 D11
Saber analizar sintacticamente enunciados en galego dun modo argumentado e facer a súa representación.	A2	B7	C1 C2 C5 C8	D1 D2 D8
Saber interpretar os elementos que modifican a gramaticalidade e o sentido dos enunciados en galego, ou que provocan ambigüidade.	A5	B1 B8	C1 C2	D1 D5 D10
Saber usar e explicar construcións sintácticas diferenciais do galego.	A1	B8	C1 C2	D2 D5 D11 D12

Contidos

Tema	
1. A sintaxe: definición e relación con outras disciplinas gramaticais.	A análise sintáctica. Unidades e relacións sintácticas. Funcións sintácticas, semánticas e informativas. Bibliografía de sintaxe do galego. Breve historia da gramática galega.
2. A cláusula: caracterización e clasificación.	O verbo como núcleo-PREDICADO da cláusula. Niveis de complementación: argumentos, adxuntos e elementos periféricos. Estrutura funcional da cláusula: particularidades nas funcións sintácticas (SUX prepositivos?, o redobro de clíticos, tipos de CIND, tipos de complementos prepositivos, tipos de atributos...) Clasificación das cláusulas.
3. A frase: caracterización e clasificación.	A frase nominal: estrutura e funcións. Determinantes, núcleo e modificadores. Tipos de modificadores: argumentais / adxuntos; especificativos / explicativos; relacionais / cualificativos; a aposición. Estrutura e funcións básicas dos outros tipos de frase (adxectiva, adverbial e prepositiva).
4. A corrección sintáctica en galego.	Aspectos de sintaxe diferencial do galego: os pronomes persoais átonos (colocación e funcións), uso do infinitivo conxugado, uso do futuro de subxuntivo, nexos comparativos, os relativos, usos errados de perífrases verbais, os determinantes e as contraccións...

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	24	50	74
Lección maxistral	16	48	64
Eventos docentes y/o divulgativos	2	2	4
Actividades introdutorias	2	2	4
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Refírese ás actividades en que se formulan problemas e /ou exercicios relacionados cos contidos da materia, así como resumos de lecturas que complementan as leccións maxistras. Préstase especial atención á análise sintáctica de textos en árbore e ó comentario gramatical razoado e argumentado de construcións sintácticas problemáticas en canto á súa interpretación. Naqueles casos en que o profesor entregue previamente os exercicios, recoméndase que o/a alumno/a os traia traballados. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL, o profesor colgará na plataforma Faitic as prácticas para facer e deixará un prazo de tempo para a súa resolución. Rematado este, faralles chegar via e-mail, ou dende a propia plataforma, un solucionario para a súa autocomprobación.
Lección maxistral	Son as horas que o docente dedicará a expoñer contidos da materia e as directrices e bases teóricas dos traballos, exercicios ou análises sintácticas que deberá facer o alumnado. Recoméndase que cando o profesor facilite por adiantado fotocopias ou outro material o alumnado leve previamente traballado ese material. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática na plataforma de ensino virtual Faitic ou, no seu caso, en fotocopia ou PDF; o profesor poderá facerllos chegar tamén a través de e-mail. Segundo dispoñibilidade na Facultade, existe a posibilidade de gravación en vídeo destas aulas.

Eventos docentes y/o divulgativos	Refírese a conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por poñentes de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia ou relacionados con ela.
Actividades introductorias	Son as actividades que se realizan o primeiro día de clase dedicadas a expoñer os obxectivos, as principais tarefas do curso (lecturas e traballos de redacción obrigatorios) e a bibliografía da materia. Sería conveniente que o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL acudise a esta sesión de presentación. Ese día dáse material fotocopiado. De non ser posible, o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL deberá poñerse en contacto co profesor vía e-mail.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O docente terá titorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir nos traballos de redacción, no resumo de lecturas, ou nos comentarios dos erros cometidos nas análises sintácticas que se manden entregar como parte da avaliación. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL realizaranse tres sesións presenciais, tipo SEMINARIO, distribuídas ó longo do cuadrimestre (provisionalmente as últimas semanas de febreiro, marzo e abril), co fin de que o alumnado poida solucionar dúbidas e solicitar explicacións sobre puntos concretos do temario. Así mesmo será atendido en horas de titoría vía e-mail na maior rapidez posible.
Lección maxistral	Existe a posibilidade para o alumnado SEMIPRESENCIAL da gravación en vídeo das clases maxistras, sempre e cando haxa dispoñibilidade de aulas na Facultade.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Durante o curso, o docente especificará que actividades prácticas das propostas son avaliábeis. Especificamente, o estudante deberá entregar a análise sintáctica de 4 textos propostos polo profesorado, o resumo crítico de 3 artigos da "Bibliografía" e a redacción de 3 textos de diferente tipo. Tamén se valorará a participación activa na resolución e comentario das outras actividades. Estas actividades tamén son obrigadas para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL.	35	A1 B7 C1 D1 A2 B8 C2 D2 A5 C5 D5 C8 D8 D10 D12
Lección maxistral	Valorarase a asistencia ás clases maxistras, sempre e cando sexa máis do 80% delas así como a participación nelas. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL esta puntuación súmase á parte "Resolución de problemas ou exercicios".	5	A2 B1 D1 B7 D10 B8 D11
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realizarase unha única proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos da materia na última semana do curso. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL realizará os exames sempre de xeito presencial na mesma data có resto do alumnado. O alumnado de avaliación única, sexa semipresencial ou presencial, realizará un exame escrito na data que dispoña o calendario oficial de exames da convocatoria de maio da Facultade.	60	A2 B7 C1 D1 C2 D2 C5 D10 C8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen **dous sistemas** de avaliación da materia: a) **Avaliación continua**, para o alumnado que asista regularmente ás clases presenciais, e realice e entregue as tarefas de avaliación indicadas polo profesor en tempo e forma. É obrigatoria a entrega dos 3 resumos críticos das lecturas de 3 artigos da bibliografía así como de 3 redaccións de textos de diferente tipo. A puntuación final obtense da suma das porcentaxes das puntuacións expresadas arriba. De non superar algunha das actividades que se avalían, o profesor poderá mandar repetilas. En todo caso, **na convocatoria de maio**, o alumno polo menos deberá ter aprobado o apartado "Probas de resposta longa, de desenvolvemento". O **ALUMNADO SEMIPRESENCIAL** tamén se examinará ese día co resto do alumnado. De non superar esas probas escritas, o alumnado deberá examinarse dun **exame escrito na convocatoria oficial de xullo**, nas datas oficiais que dispoña o calendario oficial da Facultade. Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir a condición de asistencia ás clases e a entrega en tempo das tarefas, deberá comunicarllo ó docente, quen poderá habilitar outras actividades compensatorias. No caso de que o/a alumno/a renuncie á avaliación continua ou incumpra as condicións esixidas pasará a ser avaliado polo sistema de "Avaliación única". b) **Avaliación única**. O alumnado que non opte polo sistema de "avaliación continua", para superar a materia na convocatoria de **maio** deberá examinarse sobre todos os contidos da materia nun **exame final único escrito** que se realizará na data oficial que dispoña o **calendario oficial de exames da convocatoria de maio da Facultade**. En caso de non superar ese exame, o/a alumno/a deberá volver examinarse por medio doutro **exame escrito na convocatoria de xullo** na data que dispoña a Facultade. Os/as alumnos/as que opten por este sistema poderán

asistir ás aulas e ser atendidos nas titorías cando o solicitaren.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, R. & Xove, X., **Gramática da lingua galega**, 1ª, Galaxia, 2002

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe**, 2ª, A Nosa Terra, 2002-2006

Fernández Salgado, Xosé A., **Apuntamentos da materia. Sintaxe I**, Edición do autor, 2017

Álvarez, R., **Gramática descriptiva e gramática prescritiva**, Cadernos de lingua, nº 10, 19-36, 1994

Cidrás Escáneo, F., **As construcións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización**, 1ª, En M. Brea & F. Fernández Rei, v. I, 101-25, 1991

Moure, T., **Mallando nos Complementos directos: un ornitorrinco na sintaxe do galego**, 1ª, Revista galega de Filoloxía, nº 11, 79-103, 2010

Pena Romay, X. A., **Alternancia en galego dos pronomes átonos de acusativo e dativo en verbos que rexen ámbalas dúas posibilidades**, 1ª, Rosario Álvarez et al.(eds.) v.IV, 129-137, 2004

Centro de Investigacións Ramón Piñeiro (CILL-RP), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega.**

Bibliografía Complementaria

Bosque I. e Demonte, V. (dir.), **Gramática descriptiva de la lengua española. 3 t.**, 1ª, Espasa Calpe, 1999

Raposo, Eduardo et al., **Gramática do Portugués. 2 vol.**, 1ª, Fundação Calouste Gulbenkian, 2014

Real Academia Española (2010), **Nueva gramática de la lengua española: manual.**, 1ª, Espasa, 2010

Solà, J. et al., **Gramática del català contemporani: Sintaxi. vol. 2.**, 1ª, Empuries, 2002

M. Brea & F. Fernández Rei (coords.), **Homenaxe ó profesor Constantino García**, 1ª, Universidade, 1991

Álvarez, R. et al. (eds.), **A lingua galega: Historia e Actualidade**, 1ª, Consello da Cultura Galega - ILG, 2004

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Morfoloxía da lingua galega/V01G400V01901

Outros comentarios

Esta materia continúaase en Sintaxe da Lingua Galega II, en 4º curso.